

CORAL POLIFÓNICA SAN MARTÍN DE MEIRÁS. SADA (A CORUÑA)

A Coral Polifónica San Martín de Meirás crease no ano 1995, na parroquia de Meirás (Sada), tomando o nome do patrón da localidade onde se funda.

A Coral San Martín conta cun amplo e variado repertorio de polifonía galega, habaneras, música sacra, madrigais e cancións populares.

Participou en multitude de encontros corais celebrados por toda a xeografía galega, entre os que se poden suliñar: Certame de Habaneras de A Coruña e Cidade de Sada, Día das Letras Galegas en Taboada (Lugo), Valdoviño, Cedeira, Narón e outros certames corais celebrados en Boiro, Pobra do Caramiñal, Lace, Burela, Ribadeo, Vigo e Moaña.

Na veciña comunidade asturiana tamén participou en diversos concertos nas localidades de Grado, Cudillero, Morcín, Tapia de Casariego, Posada de Llanera, Gijón, Luarca e Boal.

Durante o ano organiza dous certámes corais: En maio celebrando o Día das Letras Galegas e en novembro a Xuntanza de Corais. Tamén celebra ocasionalmente Encontros Corais da Amizade.